

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DA FEIRA DE ENERXÍA

En Santiago de Compostela, a 14 de julio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, o _____, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

E doutra, o _____, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia, con NIF 836155208, na súa condición de presidente do Padreado en función da Orde do 9 de xullo de 1991.

Cada un intervéñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a competencia en materia enerxética segundo o disposto no seu artigo 28.3.

Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo

e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos neutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo. A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro creada no 1991, declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:

1. Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
2. Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
3. Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

Terceiro. Que o Inega participa neste convenio porque considera accións necesarias para acadar obxectivos de política enerxética, a divulgación de coñecementos e de técnicas de xestión de enerxías renovables e sostible e a actualización técnica dos consumidores finais de Galicia.

Co presente convenio búscase desembocar nun mellor coñecemento dos sectores enerxéticos galegos destacando GNL, enerxías renovables clásicas (hidráulica, eólica, e solar) e novas (aeroterminia, xeoterminia, etc), así como o potencial do autoconsumo, para que se acade a maior repercusión posible.

Cuarto. Que a explotación e o aproveitamento dos recursos son parte esencial do sector enerxético galego e que reiteradas demandas dende o mesmo reclaman a organización dunha segunda edición do Salón profesional centrado neste aspecto, tralos éxitos acadados na súa primeira edición. A Segunda Edición da Feira de Enerxía, será novamente un Salón dirixido a profesionais e consumidores nun escenario singular, unha exposición dinámica no recinto feiral.

Quinto. Como un dos órganos encargados de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, o Inega considera de máximo interese potenciar as actuacións de promoción, divulgación e potenciación dos principais sectores enerxéticos acaden a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega.

Debido a especificidade e singularidade das actuacións que se van desenvolver e a dificultade para atopar un escenario acorde, singular e dinámico para a celebración da segunda edición da Feira da Enerxía, o Inega considera necesario contar coa Fundación Semana Verde de Galicia para poder levar a cabo a celebración destas actuacións.

Sexto. O Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia queren que o presente proxecto acade a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega, provocando un efecto positivo de arrastre cara os sectores enerxéticos.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é regular as condicións da colaboración conxunta entre o Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia encamiñadas a organización no vindeiro ano 2018 da segunda edición da feira de carácter monográfico de enerxía que ten por obxectivo a promoción e potencialización dos principais sectores enerxéticos:

- O Gas Natural Licuado (GNL)
- As enerxías renovables clásicas: hidráulica, eólica e solar
- As novas enerxías renovables: aerotérmica, xeotérmica, ...
- Autoconsumo enerxético

Para cumprir este obxectivo, a feira marcará as seguintes liñas de actuación:

1. Ser punto de encontro e referencia profesional para o sector enerxético galego.



2. Consolidación como feira monográfica no ámbito xeográfico do Suroeste da Unión Europea.
3. Promocionar a estrutura empresarial e produtiva do sector enerxético galega.
4. Fomentar unha conciencia social a favor do medio ambiente e os seus recursos sostibles.
5. Promover as boas prácticas no uso da enerxía.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA:

1. Involucrar ó sector enerxético na realización do evento, tanto o sector enerxético clásico como as enerxías renovables.
2. Promover acordos con diferentes organismos públicos que permitan a realización de misións comerciais que darán o carácter internacional a este monográfico.
3. Promover acordos con diferentes empresas líderes, para traer aos principais fabricantes internacionais.
4. Lanzamento dunha campaña de comunicación que destaque as novidades e os elementos diferenciais do certame.
5. Ceder unha pequena parte do solo no certame para a difusión das políticas desenvolvidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.
6. Elaborar o programa e calendario das actividades que se van levar a cabo dentro desta Feira da Enerxía.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO INEGA

1. Facilitar o asesoramento e apoio técnico que sexa necesario para elaboración dos contidos divulgativos e formativos do programa da feira da enerxía.
2. Facilitar información sobre as empresas relacionadas co sector, que sirva de referencia para efectuar as convocatorias, invitacións, campañas de difusión e outras actuacións implícitas na organización da feira.
3. Colaborar na organización e confección do calendario da feira e actividades programadas.
4. Participar na feira e incluso noutras feiras vinculadas co sector, para dar difusión das enerxías renovables e sostibles e promocionar e divulgar as súas actuacións e as súas liñas de acción.
4. Difundir na súa páxina web toda a información sobre a segunda edición da feira da enerxía.
5. Efectuar un axeitado seguimento da feira da enerxía, e no seu caso comprobacións e controis en colaboración coa entidade organizadora.
6. Achegar un máximo de cincuenta e sete mil trescentos dez euros (57.310 €), IVE incluído, para o desenvolvemento destas actuacións.

CUARTA. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

Nos orzamentos do Inega para as anualidades 2017-2018 existe dispoñibilidade económica axeitada e suficiente para facer fronte ao acordo económico establecido neste convenio, con cargo a conta contable 09.A2.733A.641.3.

Para a consecución dos fins que se expoñen no presente convenio imputaranse aos orzamentos do Inega, dez mil catrocentos cincuenta euros (10.450 €), IVE incluído, no ano 2017 e corenta e seis mil oito centos sesenta euros (46.860 €), IVE incluído, no ano 2018.

QUINTA. CONTÍA DA ACHEGA

O Inega dispón dunha consignación orzamentaria máxima de cincuenta e sete mil trescentos dez euros (57.310 €) para o financiamento dos gastos que xeren as actuacións de promoción que se leven a cabo nos anos 2017 e 2018 para a convocatoria no vindeiro 2018 da segunda edición da feira de carácter monográfico de enerxía, obxecto do presente convenio.

As actuacións previstas neste convenio deberán estar executadas e pagadas antes do 15 de decembro de 2018.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A achega feita polo Inega traspasarase a Fundación Semana Verde de Galicia en dous pagamentos a realizar do seguinte xeito:

1. Un primeiro pagamento, antes do 30 de novembro de 2017, previa presentación pola Fundación Semana Verde de Galicia dun informe técnico no que se describan as actuacións de promoción realizadas e que se describen no anexo I do convenio. Xunto co informe técnico achegarase:

a) Unha certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta bancaria da Fundación onde debe realizarse o pagamento na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

b) Unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

c) Unha memoria xustificativa do custo das actividades realizadas acompañada das facturas e dos xustificantes de pago correspondentes.

2. Un segundo pagamento, antes do 30 de novembro de 2018, pola realización da segunda edición da Feira da enerxía previa presentación, antes do 31 de outubro de 2018, dun informe técnico final de todas as actuacións que se describen no anexo I do convenio, documentos, informes e publicacións elaborados ao abeiro deste convenio.

Acompañarase en formato electrónico dito informe así como a campaña de comunicación a cal se fai referencia na cláusula segunda deste convenio.

A Fundación Semana Verde de Galicia achegará tamén xunto co Informe final:

- a) Unha memoria xustificativa do custo das actividades realizadas acompañada das facturas e dos xustificantes de pago correspondentes.
- b) Unha declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados.

Unha vez presentada esta documentación realizarase o pagamento do 100% do importe da achega, logo da emisión do correspondente informe de conformidade dos servizos técnicos do Inega.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2018.

OITAVA. EQUIPO DE TRABAJO

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados da Fundación Semana Verde de Galicia que desenvolvan as actividades programadas e o Inega, de tal xeito que non se poderá esixir ao Inega responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

NOVENA. PROPIEDAD DOS TRABALLOS

A propiedade dos informes de resultados será compartida a partes iguais polo Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia a tal efecto entregárase ao Inega en formato electrónico ditos informe así como a campaña de comunicación a cal se fai referencia na cláusula segunda deste convenio.

DÉCIMA. SUBCONTRATACIÓN

Permítese a subcontratación da totalidade dos traballos recollidos no presente convenio, sempre que se cumpran os requisitos esixidos polo lexislación de contratos das administracións públicas.

DECIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Ao obxecto de verificar o correcto desenvolvemento do presente convenio, constituirase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante de cada

unha das partes asinantes que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha das actuacións proxectadas.

DÉCIMO SEGUNDA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- Transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

DÉCIMO TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS

O réxime de protección de datos de carácter persoal derivados deste convenio e da actuación conxunta das partes, será o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na normativa que a desenvolve que resulte de aplicación.

A tal efecto, as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a:

- Instituto Enerxético de Galicia (Inega), con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, 5, CP 15703, Santiago de Compostela, A Coruña.
- Fundación Semana Verde de Galicia, 36540- Silleda (Pontevedra)

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenio de colaboración faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE DOS DATOS RELEVANTES DO CONVENIO

A Fundación Semana Verde de Galicia dá o seu consentimento á Inega para incluír e facer públicos, nos rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e regulados polo

Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes de este convenio.

A Fundación Semana Verde de Galicia tamén esta informada de que o convenio, unha vez asinado, debe inscribirse no Rexistro de Convenio da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DECIMO QUINTA. NATURALEZA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fora do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e Fundación Semana Verde de Galicia, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e pola demais normativa que resulte de aplicación.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

O director do
Instituto Enerxético de Galicia

O Presidente do Padroado da
Fundación Semana Verde de Galicia



ANEXO

MEMORIA TÉCNICA DE ACTUACIÓNS

As actuacións de promoción serán:

- Participación en feiras: Actuación orientada a captación de potencias empresas expositoras, mediante a comercialización directa con presenza en outras feiras vinculadas ó sector, ben mediante visita comercial ou a través de stand. Tamén permitirá a captación de ideas innovadoras que poidan ser de aplicación na Feira da Enerxía.

Nos casos de participación en feira con stand, o stand poderá ser empregado polo Inega como vía de promoción e divulgación das súas actuacións e das súas liñas de acción.

A previsión de feiras de intres a visitar son:

- Expobiomasa: do 26 o 29 de setembro de 2017, en Valladolid.
 - Concreta + Eléctrica: do 23 o 26 de novembro de 2017, en Oporto.
 - Egética + Efiagua + Ecofira: do 29 o 30 de Novembro de 2017, en Valencia.
- Marketing directo: Campaña orientada a captación de potenciais expositores e potenciais visitantes:

As actuacións para a captación de potencias expositores serán:

- Envío de mailing (folleto, carta e folla de reserva de participación) sobre unha base de datos de empresas e entidades vinculadas ó sector
- Envío dun primeiro newsletter recordatorio a empresas con información ampliada.
- Envío dun segundo newsletter (en datas próximas a celebración da feira) con



avance de expositores, programa de actividades e outros datos para conseguir últimas incorporacións.

As actuacións para a captación de potencias visitantes serán:

- Envío de mailing (folleto con programa e avance de expositores) sobre a base de datos de visitantes profesionais da feira.
 - Envío de newsletter recordatorio co mesmo contido do folleto ou ampliado se houberse máis información.
- Campaña de comunicación en medios especializados ou vinculados co sector, co fin de atraer a potenciais expositores e profesionais:
- Revistas e portais: Reforzarase a campaña acometida con éxito na primeira edición, con promoción en revistas, banners e newsletters en medios como Energynews, Energética XXI, Energías renovables, Dínamo Técnica,...
 - Banners en portais de empresas e colectivos profesionais vinculados co sector: Alcanzaranse acordos con empresas e colectivos que permitan a publicación de banners da feira nas súas páxinas web, esperando contar con Acluxega, Cluergal, Agaen, Confemadera, Colegio Oficial de Inxenieiros Industriais de Galicia, Cogen España, Fegasinel, Fegafón,...
- Campaña de comunicación en medios xeneralistas, co fin de atraer a visitantes, tanto profesionais como visitantes:
- Prensa escrita
 - Radio
 - Televisión
- Redes Sociais: Buscarase promocionar o certame a través de Facebook, definindo a área xeográfica, idade e intereses adecuados o perfil de visitante obxectivo da Feira da Enerxía.
- Outras formas de promoción: A Fundación intentará alcanzar acordos concretos con membros do Comité Organizador da feira para poder celebrar actos promocionais da feira dentro dos eventos que organicen directamente como congresos, xornadas técnicas, cursos formativos, encontros profesionais,...

MEMORIA TÉCNICA DE ACTUACIÓN E ECONOMICA DE GASTOS

ACTUACIÓN AÑO 2017

Actuacións	Importe das actuacións (IVE incluído)	Achega Fundación Semana Verde de Galicia (IVE incluído)	Achega Inega (IVE incluído)
Participación en feiras	10.050 €	1.400 €	8.650 €
Marketing directo	1.200 €	400 €	800 €
Campaña en medios especializados	1.800 €	800 €	1.000 €
Total investimento ano 2017	13.050 €	2.600 €	10.450 €

ACTUACIÓN AÑO 2018

Actuacións	Importe das actuacións (IVE incluído)	Achega Fundación Semana Verde de Galicia (IVE incluído)	Achega Inega (IVE incluído)
Marketing directo	12.500 €	6.000 €	6.500 €
Campaña en medios especializados	4.000 €	1.000 €	3.000 €
Campaña en medios xeneralistas	22.900 €	2.900 €	20.000 €
Montaxe da zona expositiva	20.000 €	4.640 €	15.360 €
Vixilancia e seguridade	1.500 €	500 €	1.000 €
Servizo de limpeza	1.500 €	500 €	1.000 €
Total investimento ano 2018	62.400 €	15.540 €	46.860 €

TOTAL ACTUACIÓN ANOS 2017 E 2018

Actuacións	Importe das actuacións (IVE incluído)	Achega Fundación Semana Verde de Galicia (IVE incluído)	Achega Inega (IVE incluído)
Total investimento ano 2017	13.050 €	2.600 €	10.450 €
Total investimento ano 2018	62.400 €	15.540 €	46.860 €
Total investimento elixible	75.450 €	18.140 €	57.310 €